

DECLARACIÓN DE UGT-GALICIA CON GALLO DO 25 DE XULLO

Redacción.- Co gallo da celebración do Día de Galicia, a Comisión Executiva de UGT-Galicia transmíttulle a toda a cidadanía galega os parabéns pola celebración da súa data máis sinalada. Data que se celebrou, un ano máis, nun contexto cheo de incertezas polo panorama a nivel internacional, con conflitos bélicos que parecen non ter fin, o que xera inestabilidade, e a nivel nacional, o país está inmerso nun contexto enrarecido no eido político, situación que ten consecuencias e trasládase ao conxunto da sociedade.

Nesta conxuntura, UGT-Galicia segue a por en valor o diálogo social como unha ferramenta que se mostrou e segue a mostrarse sobradamente útil para adaptar a realidade do país a cada un dos contextos que se foron presentando co fin de que a poboación, sobre todo a clase traballadora, sufrise o menos posible as consecuencias desta adaptación. Para o Sindicato, de cara ao futuro, hai que seguir apostando por esta ferramenta para reforzar o crecemento económico, o estado de benestar, a creación de emprego de calidade ou unhas pensións dignas. Tamén é o momento de demandar unha defensa sólida e férrea dos dereitos conseguidos ante as ameazas continuas da ultradereita e de certos sectores da sociedade dedicados á axitación social que cuestionan todos os logros e avances conseguidos neste país nos últimos anos.

No momento decisivo de cambio actual, Galicia ten que elixir o seu rumbo para afrontar un futuro que vai estar marcado pola globalización, a dixitalización e todo baixo o paraugas dunha sostibilidade que debemos autoesixirnos. O reto demográfico debe ser un dos principais obxectivos así como acadar unha política en materia habitacional que permita o acceso a unha vivenda digna para toda a cidadanía e afrontar así proxectos vitais cun horizonte de futuro.

Outro dos obxectivos no que se debe traballar como sociedade é na revalorización do rural, converter este espazo nunha alternativa real provista das ferramentas necesarias para que as persoas, as familias, se poidan asentar neste con-

texto, poidan traballar nel e afrontar no rural e dende o rural o seu proxecto de vida.

Galicia tamén precisa crecer economicamente e mellorar os seus niveis de produtividade, así como os seus indicadores en materia de emprego. O tecido económico galego ten numerosas eivas que precisa corrixir, falta de dimensión, escasa dixitalización e, no laboral, taxas de ocupación e actividade moi diminuídas.

Se ben é certo que a nivel industrial a nosa Comunidade conta con certas potencialidades, hai que actualizar e reinventar o tradicional pero apostar tamén dun xeito decidido por sectores de alto valor engadido como o tecnolóxico.

Para traballar por estes retos, cóntase cunha ferramenta, os fondos europeos, para camiñar cara o cambio de modelo produtivo marcado por actividades de alto valor engadido que avancen na dixitalización e na transición cara unha economía verde sen deixar a ninguén atrás.

Pero todo isto é impensable sen un trazado de infraestruturas moderno e interconectado.

En termos máis humanos, na modernización do tecido produtivo galego, xogará un papel clave o capital humano, polo que hai que garantir a súa formación e capacitación profesional. Aquí hai que apostar decididamente pola innovación, estimulando, retendo e captando talento.

Retos todos eles que deben ser abor-



dados baixo o paraugas da sostibilidade. Hai que afrontar o futuro cun modelo de desenvolvemento medioambientalmente sostible e socialmente inclusivo.

Unha data para a lembranza das vítimas das guerras de Ucraína e Gaza e para as vítimas do sinistro ferroviario de Angrois que hai 12 anos sacudiu á sociedade galega

Para UGT, esta data ten que converterse nunha xornada de celebración para todos e todas as galegas pero tamén nunha xornada reivindicativa e de lembranza. Lembranza das vítimas dunhas guerras cruentas e inxustas, tanto a de Ucraína como a de Gaza, e lembranza tamén nesta data para as vítimas e as súas familias do sinistro ferroviario de Angrois que hai 12 anos sacudiu á sociedade galega na xornada previa ao 25 de xullo.

Dende UGT esiximos un presente e un futuro mellor para todas as galegas e galegos.

UGT AMOSA A SÚA REPULSA POLA MORTE DA TRABALLADORA DO SAF NO PORRIÑO E ESIXE MEDIDAS QUE EVITEN QUE ISTO SE REPITA

O Sindicato mobilizouse hoxe en Vigo

Redacción.- UGT traslada o seu pesar á familia e achegados da traballadora que foi asasinada este martes cando realizaba a súa labor nun domicilio do Porriño como traballadora do SAF.

UGT cre que este suceso non pode volver a repetirse polo que as empresas e administracións deben implementar xa as medidas que sexan necesarias, entre as que se atopan protocolos de acoso e prevención de riscos, co fin de garantir a seguridade e a protección das traballadoras do sector en cada un dos seus centros de traballo, que neste caso son domicilios.

UGT fai fincapé en que se está a falar dun servizo público esencial e que as administracións, tanto cen-



tral, como a Xunta e concellos, están na obriga de protexer ás súas traballadoras e dignificar a súa situación e as tarefas que desenvolven.

En definitiva, tanto as administracións como as empresas que asumen a prestación do servizo están na obriga de garantir unhas condi-

cións laborais e sociais dignas para as traballadoras do SAF e de protexer a súa integridade e saúde.

Por todo isto, para facer públicas as demandas e amosar a repulsa co sucedido, UGT convocou para hoxe ás 12.00 unha concentración fronte á sede da Xunta en Vigo.

ASINADO O CONVENIO DO COMERCIO DE ALIMENTACIÓN DE OURENSE TRAS UNA INTENSA MOBILIZACIÓN SINDICAL

Redacción.- Tras meses de conflito e mobilizacións cun seguimento masivo, alcánzase un acordo no Convenio de Comercio Alimentación da provincia de Ourense. O novo texto terá vixencia ata 2028 e inclúe mellores salariais que reducen a brecha co resto de Galicia.

Despois dun proceso de negociación marcado pola tensión, varias xornadas de folga cun importante respaldo por parte do persoal e manifestacións cunha elevada participación, esa semana asinou un acordo definitivo entre todas as partes implicadas na mesa negociadora do Convenio de Comercio Alimentación da provincia de Ourense.

O convenio, que terá efectos retroactivos desde xaneiro de 2025 e estará vixente ata o 31 de decembro de 2028, foi cualificado como histórico polo impacto que terá na mellora das condicións laborais do sector. Un dos avances máis significativos é a redución da brecha salarial que existía entre Ourense e o resto de provincias galegas, unha reivindicación que levaba anos

sobre a mesa.

En termos económicos, o incremento salarial é moi relevante: no primeiro ano de aplicación, 2025, as persoas traballadoras afectadas verán aumentadas as súas retribucións nun 11,74% con respecto ás táboas de 2024. No caso concreto do persoal encadrado no Grupo IV, o incremento chegará ao 12,38%. Durante o total da vixencia do convenio, a subida acumulada superará o 24%, o que supón un avance substancial na dignificación dos salarios.

Desde FeSMC-UGT Ourense, valoramos positivamente o resultado final do proceso. "Sentímonos orgullosos do traballo realizado durante estes meses. Aínda que non se lograron todas



as nosas reivindicacións, cremos que é un bo acordo e unha base sólida para seguir avanzando no futuro", sinalaron representantes sindicais.

Así mesmo, destacamos que o sector de Comercio Alimentación, que dá emprego a máis de 2.000 persoas na provincia, demostrou nos últimos anos o seu papel esencial, especialmente en momentos de gran dificultade social. Coa firma deste convenio dáse un paso máis cara ao recoñecemento que merecen os seus profesionais.

UGT RINDE HOMENAXE A MANUEL SUÁREZ, DIRIXENTE DO SINDICATO E EX ALCALDE SOCIALISTA DE OURENSE, ASASINADO POLOS FRANQUISTAS

Redacción.- Toda a familia socialista reuniuse este martes 29 de xullo na Praza da II República para render homenaxe e lembrar ó persoero máis destacado do socialismo ourensán na etapa predemocrática, Manuel Suárez Castro, que perdeu a vida por defender os seus ideais e a liberdade en 1937, a mans dos golpistas.

O acto, organizado pola UGT e o PsdeG-PSOE de Ourense, se iniciou coa intervención de Francisco Javier Quintas, Secretario de Relacións Institucionais de UGT-Ourense e delegado na provincia da Fundación Luís Tilve, que ten realizados numerosos traballos sobre o homenaxeado e o movemento obreiro en Ourense. Tamén tomou a palabra o Secretario de Organización de UGT-Ourense, Daniel Fernández, que manifestou que facendo memoria construímos e defendemos a democracia que tanto traballo costou construír e que tan graves envites está a re-

cibir. Memoria tan necesaria como que se faga xustiza e se aborde dunha vez algunha forma de reparación para todas as vítimas. Tampouco faltaron as v e r b a s desde o socialismo ourensán e do PsdeG-PSOE. A cerimonia rematou cunha ofrenda floral na tapia onde foron fusilados máis de 100 demócratas, moitos deles afiliados á UGT e ó PSOE, en lembranza non só de Suárez, senón de todos eles; mozos como o tipógrafo Antonio Taboada Novoa,



sindicalista e dirixente de Xuventudes Socialistas, ó que tamén se fixo mención. Arroparon o acto numerosos asistentes entre os que se atopaban familiares das vítimas e unha representación da Fundación Luís Tilve.

UGT E CCOO PIDEN AO CONSELLO DE EUROPA “TOMAR NOTA” DOS INCUMPRIMENTOS DE ESPAÑA EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS POR DESPEDIMENTO

Redacción.- Nunha carta remitida ao Comité de Ministros do órgano europeo, os sindicatos denuncian “o grave incumprimento creado en España” pola falta dunha vontade política para axustar ao mandato do art. 24 da Carta Social Europea Revisada (CSER) e pola xurisprudencia máis recente do Tribunal Supremo (TS) que quere converter en papel mollado todo o sistema da Carta e o modelo de control baseado no Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS).

Os sindicatos CCOO e UGT queren que a próxima Recomendación do Consello de Europa inclúa “medidas máis eficaces” para garantir o cumprimento en España da Carta Social Europea en materia de despedimentos. Ambas as organizacións, lexitimadas para actuar ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais do Consello de Europa en procedementos de reclamacións colectivas, remitiron unha carta á Secretaría do Comité de Ministros deste organismo reclamando medidas adicionais de execución das Decisións de Fondo do Comité Europeo de Dereitos Sociais contra España en relación co artigo 24 da Carta Social Europea Revisada (CSER) que, en opinión de ambos os sindicatos non se está cumprindo no caso do

noso país.

Hai que lembrar que o pasado 27 de novembro de 2024 o Comité de Ministros do Consello de Europa, en resposta a unha reclamación de UGT, aprobou a Recomendación instando o Goberno español a garantir que o monto das indemnizacións financeiras e non financeiras concedidas ás vítimas de despedimentos inxustificadas sen motivo válido sexa disuasorio para o empregador, a fin de garantir a protección dos traballadores contra eses despedimentos inxustificadas. Ademais, chamáballes a modificar a lexislación pertinente, tal como preve no Plan de Política Anual 2024, para garantir que a indemnización concedida en casos de despedimento improcedente teña en conta o dano real sufrido polas vítimas e as circunstancias individuais da súa situación.

Tempo despois foi CCOO quen presentou a reclamación colectiva 218/2022 contra España por incumprimento do art. 24 CSER, que foi estimada polo CEDS na súa Decisión de Fondo do 3 de decembro de 2024. Naquela ocasión concluíuse, por unanimidade, que “existe unha violación do artigo 24.b da Carta no que respecta a a indemnización por

despedimento improcedente; a readmisión das persoas traballadoras; e a indemnización por despedimento improcedente de persoas traballadoras temporeras contratadas en fraude de lei”.

“Ademais, ambos os sindicatos consideramos de especial importancia que o Comité de Ministros teña en conta importantes feitos que se sucederon tras a primeira Recomendación e que evidencian as resistencias do Estado español ao cumprimento. Por iso, na misiva, pedimos medidas máis eficaces, dentro das existentes no sistema da Carta, para tratar de garantir a satisfacción por España dos seus compromisos co mandato da CSER en materia de protección fronte ao despedimento sen xusta causa.”

Nos fundamentos xurídicos que ambos os sindicatos expoñen na súa carta fan constar que, a semellanza do previsto no Convenio Europeo de Dereitos Humanos respecto da xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, “o Estado demandado debe facilitar unha información útil sobre as medidas adoptadas para dar cumprimento á recomendación do Comité de Ministros, conforme ao art. 21 da Carta”.

A AMPLIACIÓN DE PERMISOS POR COIDADADO DE MENOR É POSITIVA PERO INSUFICIENTE

UGT celebra a ampliación dos permisos por nacemento e coidado de menores, pero insiste na necesidade de ampliar dereitos laborais remunerados e reforzar a totalidade do sistema público de coidados

Redacción.- O Consello de Ministros aprobou un Real Decreto Lei que modifica e amplía varios permisos relacionados co coidado de menores, medida que UGT considera positiva pero insuficiente.

Así, UGT celebra a ampliación dos permisos por nacemento e coidado de menores pero insiste na necesidade de ampliar dereitos laborais remunerados e reforzar a totalidade do sistema público de coidados. En concreto, este novo Real Decreto Lei vai supoñer:

AMPLIACIÓN DE PERMISOS POR NACEMENTO E COIDADADO DO MENOR

Art. 48.4 ET:

Duración: 19 semanas

- a) 6 obrigatorias ininterrompidas a xornada completa a partir do parto.
- b) 11 semanas: (22 en caso de monoparentais) a gozar ata os 12 meses, xornada parcial ou completa.
- c) 2 semanas: xornada parcial ou completa ata os 8 anos.

*Retribuídos ao 100%. Equiparación completa para homes e mulleres e son INTRANSFERIBLES.



AMPLIACIÓN DE PERMISOS POR NACEMENTO E COIDADADO DO MENOR

NOVIDADE: Recoñécense 32 semanas á monoparentalidade

DURACIÓN:

- a) 6 obrigatorias ininterrompidas a xornada completa a partir do parto.
- b) 22 semanas: ata os 12 meses a gozar ata os 12 meses, xornada parcial ou completa.
- c) 4 semanas: xornada parcial ou completa ata os 8 anos.



AMPLIACIÓN DE PERMISOS POR NACEMENTO E COIDADADO DO MENOR

Art. 48 bis ET (permanece igual)
Permiso parental (ata os 8 anos do menor) para o coidado.

Duración: 8 semanas continuas ou descontinuas a tempo completo ou parcial. Son non retribuídas.

CRÍTICA 1: pérdese a finalidade da directiva de ampliar o permiso de coidados aparte do momento do nacemento ata os 8 anos.

CRÍTICA 2: só exercerano persoas traballadoras que poidan permitirse 8 semanas sen remuneración.



AMPLIACIÓN DE PERMISOS POR NACEMENTO E COIDADADO DO MENOR

REIVINDICACIÓNS UGT:

- Abordar o coidado de maiores, persoas dependentes, con discapacidade etc.
- Aumentar investimento en servizos públicos, de calidade, alcanzables e gratuítos.
- Datos desagregados por sexo de permisos do permiso parental e as reducións de xornada por coidados de fillos e familiares para avaliar o impacto de xénero.



AMPLIACIÓN DE PERMISOS POR NACEMENTO E COIDADO DO MENOR

Suposto especial nacemento e coidado do menor (art.181 e 182 LGSS):

Son beneficiarios deste subsidio as persoas traballadoras incluídas no réxime xeral da S.Social, en situación de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento familiar que cumpran todos os requisitos salvo o período mínimo de cotización necesario para acceder á prestación.

CONTÍA: 100% IPREM durante 42 días naturais.

NOVIDADE: beneficianse homes e mulleres, e non só para parto, senón tamén supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento familiar.



AMPLIACIÓN DE PERMISOS POR NACEMENTO E COIDADO DO MENOR

APLICACIÓN DESTAS MEDIDAS

Entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOE (30 de xullo de 2025) e será de aplicación aos feitos causantes producidos a partir do 2 de agosto do 2024.

Poderán solicitarse a partir do 1 de xaneiro de 2026.

CRÍTICA: Aquelas persoas traballadoras con fillos/as menores de 8 anos nados con anterioridade ao 2 de agosto de 2024 non poderán exercer este dereito ás 2 semanas.

Conciliar non é un luxo, senón un dereito e coidar tamén é traballar



UGT CONSIDERA QUE O CRECEMENTO SALARIAL É INSUFICIENTE ANTE A ESPECULACIÓN DO MERCADO INMOBILIARIO

Desde o sindicato, reclamamos que o prezo da vivenda se inclúa como un indicador estrutural na negociación colectiva, para garantir o dereito das persoas a un teito digno e asequible

Redacción.- O IPC adiantado do mes de xullo, publicado polo INE, sitúase no 2,7%, catro décimas máis que no mes anterior. O repunte da taxa anual vén determinado polo encarecemento de produtos enerxéticos como a electricidade ou as gasolinas. Pola súa banda, a taxa subxacente, que elimina os alimentos frescos e os produtos enerxéticos, aumenta unha décima respecto ao mes anterior, alcanzando o 2,3%.

Con todo, os niveis de inflación afástanse levemente do obxectivo fixado polo Banco Central Europeo, en torno ao 2%. Unha tendencia alcista que pode manterse durante os próximos meses, tanto pola volatilidade no prezo dos produtos enerxéticos e outros grupos de alimentos, como pola incerteza que rodea á economía mundial nestes momentos.

Neste sentido, cabe destacar o acordo comercial entre a administración Trump e a Comisión Europea, no que, a falta de coñecer o detalle exacto do seu contido, parece que se impoñen uns aranceis do 15% ás exportacións europeas, ademais doutros rigorosos compromisos de gasto e sen contrapartidas esixibles a EEUU. Un acordo que, de conformarse nestes termos, desde UGT consideramos profun-

damente asimétrico, apuntando a dependencia estrutural de Europa respecto a EEUU.

Así mesmo, resulta esencial realizar un especial seguimento do impacto que poida ter devandito acordo sobre a actividade económica e o emprego dalgúns sectores e industrias exportadoras, como o agroalimentario (con especial atención ao aceite de oliva e ao viño), o automobilístico, o de bens de equipo ou a industria química e farmacéutica, entre outros. En consecuencia, é necesario despregar unha política preventiva e solidaria que responda con eficacia á magnitude do devandito incremento impositivo, protexendo e compensando os desaxustes xerados en termos de competitividade e emprego.

Doutra banda, a negociación colectiva segue respondendo con firmeza, mediante incrementos salariais en convenio que alcanzan unha media do 3,39%, case nove décimas máis que a inflación media no que vai de ano (2,5%). Agora ben, como vén denunciando o sindicato, os aumentos salariais resultan insuficientes e estériles ante un mercado inmobiliario desbocado e profundamente especulativo.

Así, con indiferenza do tipo de tenen-

cia, os prezos da vivenda mostran unha evolución completamente desligada do comportamento da economía real e a renda dos fogares, proxectando uns prezos prohibitivos para a maioría das persoas traballadoras. Os salarios deberían duplicarse nalgúns territorios para poder acceder a unha vivenda.

Así se reflicte no estudo que presentamos o pasado luns, Convenios colectivos e dereito á vivenda: o prezo dun ben básico cómese os salarios. Análise sectorial e territorial, no que se pon de relevo a profunda brecha existente entre os salarios e o prezo da vivenda no noso país. Por todo iso, máis aló de reclamar unha aplicación e mellora efectiva da lexislación que regula o mercado da vivenda, desde o sindicato esiximos que o prezo da vivenda inclúase como un indicador estrutural na negociación colectiva, ademais de ter en conta os datos do Observatorio de Marxes Empresariais, que ata o de agora reflicten beneficios récord por parte das empresas. Só así empezaremos a construír un futuro digno para a poboación traballadora, un horizonte que debe estar directamente vinculado á blindaxe e cumprimento do dereito constitucional e humano a ter un teito digno, seguro e alcanzable.

UGT INSTA AO GOBERNO A DESBLOQUEAR A LEI INTEGRAL CONTRA A TRATA DE PERSOAS E CUMPRIR O PLAN APROBADO DESDE 2021

Redacción.- No día Mundial contra a trata de persoas, UGT lembra ao Goberno o compromiso de tramitar a lei Integral contra a trata e a explotación dos seres humanos, paralizada desde hai un ano, incluíndo nela a tipificación do traballo forzoso, a servidume e a escravitude e a penalización da demanda de actos, servizos ou produtos resultado da explotación. Igualmente, urximos ao Goberno para cumprir a súa promesa de presentar un texto normativo para abolir a prostitución.

Dos datos do Ministerio de Interior, despréndese que no ano 2024 identificáronse un total de 256 vítimas de trata sexual e 246 de trata laboral, as dúas finalidades de explotación de trata con máis vítimas. 10 das vítimas eran menores de idade, o 97,2% das vítimas de trata sexual e o 25,2% das vítimas de trata laboral, eran mulleres. Por outra banda, a Memoria da unidade de trata e estranxeiría da fiscalía xeral do Estado, con datos do 2024, sinala que nese ano abríronse 150 dilixencias por delitos de trata, 110 por trata sexual, 33 por trata laboral, catro por actividades delituosas, dúas por matrimonios forzados e un por servidume.

A Fiscalía destaca, en materia de trata sexual, que o traslado desde os clubs a pisos particulares e o aumento da explotación a través da rede, fan máis difícil a detección e a acción policial e, que, no caso da explotación se-

xual en liña, vítima e consumidores de prostitución poden estar mesmo en distintos países. Por outra banda, o maior volume das mulleres na trata sexual e noutras modalidades de trata, como os matrimonios forzados, fai imprescindible abordar a trata desde unha perspectiva de xénero.

Por outra banda, sobre a trata laboral, a Fiscalía segue apuntando ao aumento de vítimas, maioritariamente homes e as dificultades para perseguir esta modalidade de trata, que en canto a sectores nos que se produce a explotación, comprende o traballo doméstico, a actividade agrícola e pecuaria, a hostalería e a restauración, limpeza, construción e salóns de masaxe, entre outros. A trata laboral, por tanto, foi estendéndose a diferentes sectores de actividade, con vítimas en situación de extrema vulnerabilidade, particularmente no caso das persoas estranxeiras en situación administrativa irregular.

Por todo iso e con motivo deste Día Mundial, UGT reclama:

Que se tramiten tanto a lei integral contra a trata e a explotación de seres humanos, tipificando o traballo forzoso, a servidume e a escravitude, como a lei comprometida polo Goberno para penalizar toda forma de proxenetismo, a demanda de prostitución e a tercería locativa, incluíndo

a necesidade de abordar e penalizar a quen promove e consomen as formas de prostitución en liña.

Dada a realidade do traballo doméstico como unha das actividades en que se atopan situacións de trata e explotación, e as especiais características desta actividade, aínda que se desenvolva nas condicións legalmente establecidas, sinalamos que debería valorarse a prohibición de empregar a persoas menores de 18 anos.

Lembramos igualmente que é preciso traspoñer a Directiva 2024/1712 que modifica a Directiva 2011/36 sobre prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección ás vítimas, incluíndo na nosa lexislación, entre as formas de explotación de trata, a maternidade subrogada, así como a responsabilidade das persoas xurídicas e a garantía de asistencia e apoio ás vítimas sexa cal for a forma de explotación.

Que tal como se sinala no Plan de acción nacional contra o traballo forzoso: relacións laborais obrigatorias e outras actividades humanas forzadas, publicado en decembro de 2021 e cunha vixencia de tres anos, debe procederse á súa avaliación. Unha avaliación na que deben ter participación as organizacións sindicais e empresariais máis representativas. Urximos, por tanto, ao Goberno para cumprir o establecido no Plan.

A ECONOMÍA ESPAÑOLA CONSOLIDA O SEU CRECEMENTO PESE Á ESTRATEXIA ARANCELARIA DA ADMINISTRACIÓN TRUMP

UGT reivindica a importancia da negociación colectiva, o aumento dos salarios, a redución da xornada e o reparto xusto dos beneficios empresariais para afianzar esta evolución positiva

Redacción.- O INE publicou esta semana o avance dos datos do segundo trimestre de 2025 da Contabilidade Nacional, que rexistra un aumento preliminar do PIB do 0,7% en termos trimestrais, o que se traduce nun aumento anual do 2,8%. De confirmarse as cifras unha vez que se publique a información definitiva, estaríamos ante unha primeira metade de ano marcada pola evolución positiva do PIB, a pesar da tensión internacional que xeraron os anuncios arancelarios da administración Trump.

As negociacións entre a Unión Europea e Estados Unidos saldáronse cun acordo desfavorable para as economías europeas, tras aceptar uns aranceis do 15% e unha serie de compras en materia enerxética e militar. Pola súa banda, Estados Unidos non terá ese tipo de obrigacións nin pagará aranceis para exportar os seus pro-

ductos. Este pacto podería ter un impacto recesivo nas economías europeas que están máis expostas aos intercambios con EE.UU., algo que non sucede no caso español.

Respecto á información publicada, polo lado da demanda destaca o bo crecemento anual do consumo, que, a pesar de desacelerar 2 décimas, segue nun 3,5%, e do investimento, que acelera por terceiro trimestre consecutivo e crece nun 5,6%, un dato moi positivo. En consecuencia, a demanda nacional volve achegar todo o crecemento do PIB (3,4 puntos), mentres que o sector exterior resta 6 décimas. Por parte dos sectores económicos, case todos eles crecen en termos anuais: un 2,2% a in-



dustria, un 2,9% a construción e un 3,3% o sector servizos. A única excepción é o sector primario, que se reduce un 1,3%.

Os datos parecen avalar que a produtividade por hora traballada aumenta co investimento. Segundo o INE, a produtividade por hora traballada creceu un 1,5% en

termos anuais no segundo trimestre, ao mesmo tempo que as horas efectivamente traballadas aumentaron un 1,3% e a remuneración dos asalariados un 7,6%. Estes resultados evidencian que o investimento é clave para mellorar a produtividade e a competitividade da economía española.

Para soste este crecemento, o Banco Central Europeo debe continuar coa súa política monetaria de relaxación dos tipos de interese, actualmente no 2%, 2,5 puntos por baixo do seu máximo hai case dous anos. Manter unha política económica expansiva é esencial para reforzar o investimento produtivo e evitar unha desaceleración económica en Europa e en España, especialmente ante os posibles impactos do novo acordo comercial con Estados Unidos.

O aumento dos salarios e a redución de xornada son esenciais para un crecemento máis xusto e sostible

É crucial reforzar a dinámica salarial na negociación colectiva, que está a permitir recuperar capacidade adquisitiva (en media, os salarios creceron no que vai de ano un 3,4%, mentres que a inflación faíno un 2,5%). Este comportamento salarial débese, en boa medida, ao V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva, que conseguiu fixar limiares de incrementos mínimos co fin de protexer e ampliar o poder de compra das persoas traballadoras.

UGT reclama que os bos resultados da economía española, o aumento da produtividade por hora traballada e o crecemento dos beneficios empresariais entren nunha

senda de repartición máis xusta, o que implica subir os salarios, unha medida imprescindible tamén para aliviar, aínda que sexa en parte, o grave problema de acceso á vivenda que sofren as familias traballadoras.

Ademais, UGT insiste en que é o momento de avanzar cara a unha redución legal da xornada laboral, un obxectivo longamente reclamado pola sociedade española e apoiado polos bos resultados económicos e de produtividade coñecidos hoxe e de emprego coñecidos a semana pasada. A solidez do crecemento, a mellora da produtividade por hora traballada e a creación de emprego evidencian que repartir mellor o tempo de traballo é tan necesario como viable, contribuíndo a mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas traballadoras ao mesmo tempo que se mantén o crecemento económico.

UGT ACOLLE CON CAUTELA O ACORDO COMERCIAL ALCANZADO ENTRE EE. UU. E A COMISIÓN EUROPEA

Redacción.- O contido do acordo, que impón unilateralmente aranceis do 15% ás exportacións europeas, sen unha contrapartida arancelaria equivalente por parte da UE, xunto co compromiso europeo de adquirir enerxía —especialmente gas licuado e combustible nuclear— e equipamento militar estadounidense, por máis de 1,3 billóns de dólares, supón unha cesión preocupante de soberanía económica e industrial.

Este desequilibrio que algúns cualifican con resignación como “o mal menor”, non pode ser aceptado sen unha reflexión profunda sobre o rumbo que debe tomar a Unión Europea. O acordo nace nun escenario de presión comercial, tras ameazas de aranceis aínda maiores por parte da administración Trump, e pechouse sen unha participación efectiva dos interlocutores sociais, nin unha avaliación pública do seu impacto económico e social.

Desde UGT reiteramos a nosa convicción de que Europa debe avanzar con urxencia cara a unha autonomía estratéxica real, que permita reducir a súa vulnerabilidade fronte a decisións unilaterais de actores externos. Esta autonomía debe construírse sobre tres piares fundamentais:

Soberanía enerxética. Unha aposta decidida polas enerxías renovables, onde España pode e debe xogar un papel protagonista.

Capacidade tecnolóxica propia. Reforzar os investimentos en innovación, intelixencia artificial e dixitalización, para non depender tecnoloxicamente de terceiros países.

Reindustrialización e defensa europea.

Políticas industriais robustas, tamén no ámbito da seguridade e a defensa, que reduzan a nosa dependencia dos mercados exteriores.

No que respecta a España, UGT insta ao Goberno e ás institucións europeas a manterse vixiantes para evitar calquera efecto adverso que puidese derivarse deste acordo, especialmente, sobre sectores exportadores clave como o agroalimentario (aceite de oliva, vid.), a automoción, a maquinaria, o material eléctrico ou a industria química e farmacéutica.

É imprescindible deseñar unha política preventiva eficaz que anticipe os impactos derivados do aumento dos aranceis —triplicados en moitos casos— sobre os produtos



europeos e que protexa e compense calquera desaxuste que poida producirse en termos de competitividade, viabilidade empresarial e emprego.

Esiximos que calquera política comercial internacional, e especialmente acordos deste calado, incorpore mecanismos de protección social, respecto aos dereitos laborais, avaliación do impacto sobre o emprego e cláusulas vinculantes de sustentabilidade. E, sobre todo, que se deseñe contando coa voz dos interlocutores sociais e da cidadanía.

Porque non se trata só de evitar máis aranceis: trátase de non ceder soberanía, nin futuro, a cambio dunha paz comercial temporal e incerta.